



CONCELLO DE
VIGO

AREA DE GOBERNO DE SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

SEGURIDADE

ANUNCIO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025 adoptou (Expte: 142482-210) o seguinte :

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o presente proxecto de Zona de Baixas Emisións de Vigo que comprende dous documentos incorporados como

- Anexo I, titulado Proyecto de ZBE;
- Anexo II, titulado Sistema de Control de Accesos e Circulación.

Segundo.- Dispor a súa publicación na sede web do Concello de Vigo, nos termos e cos efectos previstos no art. 11 do Real Decreto 1052/2022.

Terceiro.- Dispor que pola Concellería da Área de Seguridade iníciase, de forma simultánea á publicación do proxecto, o trámite de consulta pública da futura ordenanza reguladora.

Segundo.- O Concelleiro de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal con data de 09 de setembro de 2025 ditou (Expte: 142483-210) a seguinte

RESOLUCIÓN

1º.- Incoar expediente de aprobación do proxecto da ordenanza reguladora das zonas de baixas emisións.

2º.- Con carácter previo á elaboración do proxecto, acórdase a apertura dun período de consulta pública axustada ao disposto no art. 133 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

Terceiro.- En consecuencia, remítese o presente anuncio ordenando a súa inmediata publicación no día da data, na sede web do Concello de Vigo, cos efectos previstos i) en canto á información pública do proxecto de ZBE, no art. 11 do Real Decreto 1052/2022 polo que se regulan as zonas de baixas emisións, e art. 16 da Lei 27/2006 polo que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente; e ii) en canto á consulta pública da futura ordenanza, conforme ao disposto no art. 133 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

Cuarto.- A publicación realizarase no apartado dedicado ao Portal de Transparencia e Bo Goberno, na epígrafe "Normativa e información de relevancia xurídica".

Sinatura dixital



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 09/09/2025 15:16

Páxina 1 de 1

142483-210

CSV: AHAH84-EHB883-4FD5CF-52VDVM-F1ED5S-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>